

Entrevista publicada en The Fader o 27 de setembro do 2013 (<http://www.thefader.com/2013/09/27/no-concessions-legendary-wild-style-director-charlie-ahearn-on-hip-hops-unlikely-genesis>)

Considerado o máis importante filme de hip-hop na historia, a fita de Charlie Ahearn de 1983 *Wild Style* toma as raíces, as orixes neoiorkinas dun universo de música e danza que medrara até dominar a cultura popular de hoxe. A medio camiño entre un filme narrativo e un documental, segue un graffiteiro extraordinariamente talentoso nomeado Raymond, ou «Zoro», interpretado polo virtuoso artista de rúa Lee Quiñones, cando salta o valo de “bombardear” patios sombríos e trens a pintar en teas para comerciantes de arte esfameados de Manhattan, e finalmente atopar un termo medio entre as dúas cousas. Mais se estás a buscar un argumento coherente, viñeches dar ao lugar equivocado: falando da súa estrutura, *Wild Style* ten máis fíos frouxos ca un par de pantalóns vaqueiros vellos recortados. Ignorando os personaxes superfluos e a interpretación acartonada, terás unha grata recompensa. Pensa nel como nun colorido e entusiasta sonograma de 82 minutos sobre a era hip-hop, coa banda sonora de Fab Five Freddy, os Cold Crush Brothers, ou a Rock Steady Crew. Para celebrar o 30 aniversario de *Wild Style* e a versión remasterizada do filme pronta a chegar, falamos con Charlie Ahearn sobre as raíces do cinema de autor no seu filme, a fabricación da cultura hip-hop, e de que artistas está el pendente.

**Es do Norte do estado de Nova York. Por que viñeches á cidade e como foi o teu encontro coa súa nacente escena hip-hop?**

Vin a Nova York para ser artista. Comezando os 70 había un movemento de artistas que se movía dentro da comunidade e acadaba focos fóra das galerías de arte coñecidas, que eran cubos brancos para xente branca. Empecei a gravar en 16 mm. unha planificación urbanística no Lower East Side, en 1977. Metinme nun ximnasio e estaba a soar “Soul Power”, de James Brown. Mirei filas de tipos encarados uns aos outros e caendo aos nocellos, o que despois sería chamado b-boying ou uprocking. Foi unha mostra do que experimentarí despois, pero nese momento non tiña referencias.

**Fixeches máis filmes na comunidade antes de *Wild Style*?**

Fixen un filme de Kung Fu chamado *The Deadly Art of Survival* (A mortal arte de sobrevivir), que introducía varios murais dun artista que eu consideraba o mellor en Nova York nese momento: Lee Quiñones. Tomei as imaxes dese filme no Bronx e amoseino en proxectos urbanísticos, e ás veces levaría alumnado da escola de Kung Fu, que estaba no corazón do filme, comigo. Eran realmente dramáticos, e facían eses espectáculos para o público. Estaba a facelo para o “show” de Times Square en xuño do 1980, e Fab Five Freddy achegouseme porque estaba a traballar con Lee Quiñones, para desenvolveren esta idea de que os artistas que estaban a pintar no metro empezasen a expor en galerías sobre teas. Fred empezou a falarme de canto lle gustaba o que eu facía e que quería traballar comigo para facer un filme que conectase a escena do graffiti que había no metro coa escena hip-hop, que estaba a desenvolverse no Bronx e algúns puntos de Brooklyn, pero era descoñecida nese momento.

**Mirando *Wild Style* agora, unha das cousas que se perciben é que o filme está estruturado sen demasiada rixidez. Por veces demoras nunha actuación cinco ou dez minutos.**

Certo. Nese momento estaba interesado polos filmes de Warhol coma *Chelsea Girls*, onde o ritmo, comparado con *Wild Style*, era glacial. A idea é que había un tipo de actuación acontecendo, pero nun nivel máis profundo: era un increíble documento da xente e o tempo que estaba a vivir. Do que falamos é de facermos un filme de arte, o que aceptei a certo nivel (a idea de que era unha especie de filme artístico para rapazada de instituto desde todas as veciñanzas de Nova York).

**Recordas as primeiras proxeccións do filme en Times Square, no '83?**

Aqueles rapaces nunca viran un filme artístico antes, e estaban estupefactos. Houbo un gran impacto sobre o que estaba a pasar nos institutos de Nova York. Cando se amosou por primeira vez, foi o segundo filme con maior recadación na billeteira de Nova York nese momento. Fun á proxección un par de veces para ver como se vivía nos cinemas. En Times Square, os filmes eran lugares onde a xente ía atoparse cos amigos. Algunha xente fumaba herba nos asentos de atrás, outra berráballes aos amigos. Había moita participación e xente a pasalo ben.

**Unha das cousas das que realmente gocei volvendo ver o filme é que lembra que a transición do graffiti de ser algo feito na rúa a ser algo exposto nunha galería non é nada novo, senón que estivo pasando desde hai máis de medio século.**

Houbo unha exhibición de graffiti nunha galería chamada Razor Gallery en 1973 en Nova York. Fab Five Freddy e Lee Quiñones foron a Italia e amosaron teas en Roma para vendérllelas a coleccionistas en 1979. Houbo moito interese en Europa, sobre todo por mercar teas de artistas que pintaran antes en trens. Considerábase o novo pop-art de América. Keith Haring e Basquiat, que

# Sen concesións: a lendaria *Wild Style*. O director Charlie Ahearn sobre a improbable xénese do Hip-Hop

**Michael Zelenko**

non pintan trens pero foron identificados con este movemento, tiveron enormes carreiras e foron os máis considerados do movemento. Pero houbo dúcias de artistas, entre os que Lee Quiñones era un dos principais, que tiveron grandes carreiras comezando os 80.

**Vendo o filmes, chégase á conclusión de que nunha era o graffiti e o hip-hop estaban estreitamente vinculados.** Desde aquela, a cultura graffiti parece terse expandido cara á cultura punk, cultura skater e demais. O hip-hop e o rap non teñen o monopolio do graffiti como unha vez tiveron. Mesmo daquela, moitos artistas do metro nin sequera escoitaban hip-hop. En Nova York, particularmente no Bronx, había grandes áreas nas que a cultura do graffiti arroteaba aos adolescentes por todos os lados. Era moi natural para os cativos medrar, se eras negro ou latino en Nova York, nunha cultura en que o graffiti víase como o xeito que tiña a xente de se facer un nome. Isto pasou nos primeiros '70. Mentres, o que chamamos hip-hop como cultura musical, o que sería o rap, non se desenvolveu até moito despois. O "emceeing" (actuar como mestre/a de cerimonias) foi unha forma que se desenvolveu nos últimos 70, e os grupos que saen en *Wild Style* estaban a formarse cando eu gravei. Era algo que estaba a desenvolverse daquela, mentres que o graffiti xa estaba por alí desde había unha década. E sempre houbo artistas de barrios brancos que non sabían nada do hip-hop.

**Así que a relación entre hip-hop e graffiti non era tanta como parecía?** O filme foi creado, a moitos niveis, para proxectar certo tipo de mirada sobre o hip-hop. Un deses tipos de mirada tiña que ver con aspectos do hip-hop interrelacionados e unidos dalgún xeito. Había algo no que Fred estaba realmente interesado, e no que eu me interesei tamén. No tempo en que saíu o filme, xente coma Bambaataa tiña esta "idea total" dos catro aspectos do hip-hop [emceeing, djing, b-boying, e graffiti]. Non era algo do que se falase na rúa en 1980. De feito, a xente nunca usaba a palabra «hip-hop» daquela. Díciás que ías a unha "jam" (sesión improvisada). Se escribiras no metro, dirías que eras artista, non graffiteiro. Os "emcees" eran simplemente os ghichos que collían o micrófono, e a palabra "rapear" non se usaba. Se ías a unha "jam", non vías xente a bailar "breakdance". Nunca o vin ningures.

Había algo feito para proxectar de xeito unificado no filme.

Cando vías a película, sentías a conexión entre esas cousas. E cando o filme foi a Xapón ou Alemaña, a xente tomouno coma unha instantánea da vida real, o que me parece ben. É tan bo como instantánea como eles o consideren. Pero é un filme, é unha idealización, unha proxección do que podería ser o hip-hop máis que do que é. Non estabamos mirando cara atrás, senón cara adiante.

**Sentes nostalgia desa era?** A xente sempre quere que comente se o hip-hop é isto ou o outro. Pero de moitos xeitos, estou realmente sorprendido pola forza positiva do hip-hop en todo o mundo. Fun por diferentes países, a competicións de "breakdance" con xente de Brasil e Rusia gañando os premios principais. Vin filmes de xente de Siberia a faceren "beatboxing" coa gorxa, ou xente de diferentes lugares de África facendo rap na súa lingua nativa. É enorme, e podes rosar dicindo que tal cousa ou tal outra que escoitaches na radio é lixo... E, de moitos xeitos, é lixo. Pero a idea do hip-hop está moito máis viva hoxe en día e percorre todo o mundo. E non falamos de "street art", que parece medrar cada ano, con enormes competicións de murais en diferentes cidades de todo o mundo. É realmente difícil seguirlle o ritmo. É fantástico. Non é nostalgia realmente, é abraio. A xente sempre di "por que non fas un filme sobre o hip-hop hoxe?" Pero como o chamarías? É un tema demasiado amplo

**Pero por exemplo en Nova York non hai máis graffiti nos trens. Ese era un soporte que desapareceu.** Se miras no metro, o graffiti morreu. Xa non está alí. Puiden pórme nostáxico doadamente se quixésemos ir por aí. O verán do '80 foi unha das grandes ondas de "whole car1" en Nova York. Cada vez que ías coller o tren, había "whole cars" acabadiños de pintar. A única cousa que podería sinalar agora mesmo son as camionetas. Hai centos de camionetas con pezas frescas pintadas. Un lote delas están feitas cos artistas, non están "atacando" a camioneta. É bonito velas circular. É coma unha galería de arte vivente.

**Algúns artistas de rúa que che entrasen polo ollo?** Hai un artista, Gaia, a quen vou seguindo de cidade e cidade alá onde fai os seus murais. Chris Stain fixo moitos grandes traballos, tamén.

## CINECLUBE DE COMPOSTELA

NOV  
2014

### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
① cineclubedecompostela.blogaliza.org  
facebook.com/cineclubedecompostela  
@cineclubedecompostela@gmail.com

### PROXECCIONS

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)  
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

### 5 DE NOVEMBRO

*O Noso Home*  
(*O Nosso Homem*, Pedro Costa, Portugal, 2010, 23' / VOSG)  
*Sweet Exorcist*  
(*Sweet Exorcist*, Pedro Costa, Portugal, 2013, 30' / VOSG)

### 12 DE NOVEMBRO

*Cando Chove*  
(*When It Rains*, Charles Burnett, EUA, 1995, 13' / VOSG)  
*O Holandés*  
(*Dutchman*, Anthony Harvey, EUA, 1967, 55' / VOSG)

### 19 DE NOVEMBRO

A canción carallllluda do doce  
*Sweetback*  
(*Sweet Sweetback's Baadasssss Song*, Melvin Van Peebles, EUA; 1971, 97' / VOSG)

### 26 DE OUTUBRO

*Wild Style*  
(*Wild Style*, Charlie Aheam, EUA, 1984, 82' / VOSG)